BOP
LUNS, 14 DE XUÑO DE 2021 N.º 133
DEPUTACIÓN DE LUGO
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# CONCELLOS

## CASTRO DE REI

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Aprobado por Decreto de Alcaldía de data 8 de xuño de 2021 o Padrón Tributario das taxas pola prestación dos servizos de Abastecemento de auga, Saneamento e Recollida de lixo e Canon da auga, correspondente ó 4º trimestre de 2020, exponse ó público durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no BOP, para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación e as liquidacións consignadas no referido Padrón contributivo e notificadas colectivamente perante o presente anuncio, os interesados poderán interpoñer, recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición pública. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do Canon da auga, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, o comprendido entre o 11 de xuño e o 11 de agosto de 2021, ambos inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Ó resto seranlles enviados ó domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago en calquera das sucursais bancarias do Concello de Castro de Rei.

A falta de pagamento no período voluntario suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Castro de Rei, 8 de xuño de 2021.- O Alcalde, Francisco Javier Balado Teijeiro.

R. 1735

---

## LUGO

*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 2 de xuño de 2021 adoptou, entre outros, o acordo 8/336 MODIFICACIÓN DO ACORDO 16/16 APROBACIÓN DAS BASES QUE REXERÁN O CONCURSO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA CABOS BOMBEIROS, XEFES/AS DE NEGOCIADO E XEFES/AS DE GRUPO EN RELACIÓN AOS MEMBROS DA COMISIÓN DE VALORACIÓN CABOS BOMBEIROS, cuxa parate dispositiva é do teor literal seguinte:

"PRIMEIRO.- Modificación do acordo 16/16 de aprobación das Bases que rexerán ó concurso para a provisión de varios postos de traballo no Concello de Lugo para CABOS BOMBEIROS, XEFES/AS DE NEGOCIADO E XEFES/AS DE GRUPO, en canto aos membros da Comisión de Valoración dos Cabos Bombeiros Base 5.1 da convocatoria:

Procediendo á substitución do vogal titular:

- D. Juan Manuel Morandeira Modia, Suobficial do Corpo de Bombeiros do Concello de A Coruña

Por:

- D. Alejandro Fernández Carballeira Cabo do Servicio Prevención Extinción Incendios e Salvamento de Ferrol.

SEGUNDO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia, e no Taboleiro de Anuncios do Concello."

Anuncio publicado en: Num BOP 133 año 2021 (14/06/2021 08:00:00)

Lugo, 8 de xuño de 2021.-A Tenenta de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 1737

## AS NOGAIS

*Anuncio*

**APROBACIÓN DEFINITIVA**

**MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO**

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 7 de xuño de 2021 acordou aprobar definitivamente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de recollida de lixo, logo de resolver a reclamación presentada durante o prazo de exposición ao público, tras a súa aprobación inicial e publicación no BOP nº 96, do 29 de abril de 2021.

O texto íntegro da devandita modificación faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo:

*[...]*

***Artigo 6. Cota tributaria***

*A cota tributaria trimestral será:*

| ***Natureza e destino dos inmobles*** | ***Cota tributaria*** |
|---|---|
| *Vivendas particulares* | *18,00€* |
| *Aloxamento colectivo (hoteis, hostais residencias...)* | *60,00€* |
| *Garaxes* | *25,00€* |
| *Comercios* | *25,00€* |
| *Despachos profesionais* | *20,00€* |
| *Talleres e análogos* | *25,00€* |
| *Restaurantes, cafeterías, bares* | *30,00€* |
| *Pequenas industrias* | *30,00€* |
| *Supermercados* | *30,00€* |
| *Tendas téxtiles* | *25,00€* |

*[...]*

As Nogais, 8 de xuño de 2021.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1738

## OUROL

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Ourol en sesión extraordinaria celebrada o día 21 de maio de 2021, prestou aprobación inicial ao **Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de ABRIL de 2021 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar** polo importe de dous mil cincocentos noventa e un euros con trinta céntimos (2.591,30 €), correspondendo oitocentos cincuenta e oito

Anuncio publicado en: Num BOP 133 año 2021 (14/06/2021 08:00:00)

euros con sesenta céntimos (858,60 €) a libre concorrencia e mil setecentos trinta e dous euros con setenta céntimos (1.732,70 €) a dependencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde–Presidente, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 28 de maio de 2021.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 1739

---

## RÁBADE

*Anuncio*

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **8 de xuño de 2021** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de maio de 2021**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 8 de xuño de 2021.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1740

---

*Anuncio*

Elevado a definitivo, por non seren presentadas reclamacións durante o prazo de exposición ao público, o acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión celebrada o día 19 de abril de 2021, no que se aprobou provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público para usos hostaleiros do Concello de Rábade, en cumprimento do disposto no artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público o acordo de aprobación e o texto íntegro das Ordenanzas.

Contra o referido acordo, que é firme en vía administrativa, pode interpoñerse no prazo de dous meses a partires da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que se establecen nas normas reguladoras de dita xurisdición.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERRENOS DE USO PÚBLICO PARA USOS HOSTALEIROS**

**ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E RÉXIME XURÍDICO.**

No uso das potestades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e ao abeiro do disposto no artigo 20.3. l) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por ocupación de terreos de uso público local para usos propios ou auxiliares ou anexos á actividade hostaleira con finalidade lucrativa, que se rexerá pola presente Ordenanza, redactada conforme ao disposto no artigo 16 do dito R.D.L. 2/2004.

Anuncio publicado en: Num BOP 133 año 2021 (14/06/2021 08:00:00)

**ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.**

Constitúe o feito impoñible desta taxa o aproveitamento de espazos públicos afectos ao domino público, que sexan de uso público, de titularidade municipal ou sobre os que o Concello exerza competencias de policía, mediante a ocupación dos mesmos para usos propios ou auxiliares ou anexos á actividade hostaleira, tales como a instalación de terrazas, veladores, etc., con mesas, cadeiras e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

**ARTIGO 3º.- SUXEITOS PASIVOS.**

Serán suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que utilicen ou se beneficien do aproveitamento do dominio público municipal, segundo o previsto no artigo anterior, ostenten ou non a preceptiva autorización municipal previa ao devandito uso.

**ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.**

En materia de sucesión e responsabilidade serán aplicables os artigos 39 a 43 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, e a normativa que a desenvolve ou complemente.

**ARTIGO 5º.- BENEFICIOS FISCAIS.**

Non se recoñece ningún beneficio fiscal nesta taxa, consonte ao previsto no art. 9.1 do R.D.L. 2/2004, agás os que estean previstos en normas con rango de Lei ou nos Tratados internacionais validamente subscritos polo Reino de España e publicados no B.O.E.

**ARTIGO 6º.- TARIFAS E COTA TRIBUTARIA.**

1.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal farase efectiva conforme ás seguintes tarifas:

1.1.- Ocupación anual por mesa: 35,00 €/ano

1.2.- Ocupación por días soltos: 1,20 €/día

2.- Aos efectos do presente artigo entenderase por mesa o conxunto que forma a mesma, con unhas dimensións máximas de 1x1m de superficie útil, e un máximo de catro sillas auxiliares.

3.- Sobre das tarifas fixadas no apartado 1, aplicaranse a seguinte táboa de coeficientes, segundo a categoría da rúa ou espazo ocupado:

Categoría especial (Praza de España, Campo da Feira e rúas Músico Crisanto e José Penas Madalena)...................................................................1,40

Categoría ordinaria (resto de espazos públicos).................. 1,00

**ARTIGO 7º.- REPORTE.**

Repórtase a taxa e nace, polo tanto, a obriga de contribuír, no momento do outorgamento da autorización, ou, no caso de que o uso se inicie antes de obtela, desde a data na que se inicie o aproveitamento do dominio público.

**ARTIGO 8º.- NORMAS DE XESTIÓN.**

1.- O aproveitamento do dominio público suxeito a imposición pola presente Ordenanza atópase suxeito á obtención da previa autorización municipal. De tal xeito, as persoas interesadas na concesión dos aproveitamentos deberán solicitar previamente a oportuna autorización, nos termos sinalados na ordenanza reguladora da instalación de terrazas no Concello de Rábade.

2.- As cotas tributarias resultantes da aplicación da tarifa regulada no artigo anterior liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

3.- De conformidade co disposto no artigo 24.4 do R.D.L. 2/2004, do 5 de marzo, cando o aproveitamento especial regulado nesta Ordenanza teña como consecuencia a destrución ou deterioro do dominio público local, o beneficiario, sen prexuízo do pago da taxa correspondente, estará obrigado ao reintegro do custo total dos respectivos gastos de construción ou reparación e ao depósito previo do seu importe. Se os danos fosen irreparables, a entidade será indemnizada nunha cantidade igual ao valor dos bens destruídos ou danados

4.- A liquidación da taxa –só a primeira de incorporación ao Padrón nos supostos de autorización anual- será aprobada no mesmo acto de concesión da autorización e notificarase de inmediato ao suxeito pasivo.

5.- As taxas por autorización anual constitúen un ingreso de retribución periódica e cobro mediante recibo, polo que só se xirará a primeira liquidación de alta no respectivo Padrón Fiscal, entendéndose renovada a autorización nos termos concedidos inicialmente para o exercicio seguinte, salvo renuncia do titular nos termos que sinale o Texto refundido da Ordenanza reguladora da instalación de terrazas no Concello de Rábade. Cando se producise calquera alteración a instancia de parte nos elementos tributarios que determinen a variación do importe anual a satisfacer, só se xirará nova liquidación cando esta variación se teña producido con posterioridade á emisión e posta ao cobro do respectivo Padrón Fiscal. Se se producise con anterioridade á aprobación do Padrón, será

Anuncio publicado en: Num BOP 133 año 2021 (14/06/2021 08:00:00)

notificada a autorización, pero non a liquidación, incorporándose a nova contía á liquidación que se inclúa no Padrón Fiscal dese mesmo ano.

6.- Nos supostos de alta ou baixa de autorizacións anuais, a taxa será rateable por trimestres naturais.

**ARTIGO 9º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

No tocante á calificación das infraccións tributarias, así como as sancións que correspondan en cada caso, estarase ao disposto na Lei Xeral Tributaria.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL.**

Delégase no Alcalde-Presidente da Corporación a facultade de mediante Decreto, establecer o sistema de autoliquidación para o ingreso desta taxa nos supostos do art. 8.4. O devandito Decreto será obxecto de publicación no Boletín Oficial Provincial, entrando en vigor o sistema ao día seguinte ao da devandita publicación.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA.-**

Os aproveitamentos que gocen de autorización concedida antes da entrada en vigor da presente Ordenanza seguiranse rexendo polas normas vixentes ao momento da súa autorización ata que finalice a vixencia da autorización concedida.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA.-**

Aos aproveitamentos do domino público que non gocen de autorización e continúen realizándose á entrada en vigor da presente Ordenanza, seralles de aplicación a nova tarificación contida na mesma desde o día da súa entrada en vigor.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA TERCEIRA.-**

En atención á actual situación de pandemia sanitaria provocada pola COVID-19 a presente ordenanza fiscal non será de aplicación ás autorizacións vixentes ou de nova concesión para este exercizo 2021, aplicándose dita suspensión con carácter retroactivo con efectos 1 de xaneiro de 2021.

Dita suspensión poderá manterse para exercizos sucesivos, previo acordo adoptado polo Pleno da corporación municipal neste sentido.

**DISPOSICION DERRADEIRA.**

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do anuncio da súa aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, entendéndose vixente por tempo indefinido en tanto non sexa expresamente derrogada, e supón a derrogación da anterior versión da mesma.

Rábade, 8 de xuño de 2021.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1741

---

*Anuncio*

Por Acordo Plenario de data de 19 de abril de 2021, aprobouse inicialmente a modificación da ordenanza reguladora da instalación de terrazas no Concello de Rábade. O non terse presentado reclamacións durante o período de información pública, a aprobación inicial adquire o carácter de definitiva, polo que, de conformidade co artigo 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, procedese á publicación do texto íntegro para a súa entrada en vigor:

**ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO CONCELLO DE RÁBADE**

**Artigo 1.- Obxecto e concepto**

1.1. A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico ó que debe someterse o aproveitamento de terreos de dominio público municipal, mediante a súa ocupación temporal con mesas e elementos auxiliares das mesmas. O aproveitamento que regula a presente ordenanza referirase exclusivamente á ocupación con terrazas anexas ou próximas a establecementos hostaleiros ubicados en inmoble ou local.

1.2 Entenderase por terrazas anexas ou próximas a establecementos hostaleiros situados en inmoble ou local, a ocupación de terreos de dominio público, mediante a localización naquel de mesas, cadeiras, parasoles, toldos, xardineiras ou calquera outro elemento análogo fronte ó establecemento ou nas zonas próximas ao mesmo, e sen barra de servizo distinta da do propio establecemento.

1.3 A localización de terrazas en espazos públicos próximos non anexos ao establecemento en inmoble ou local concederase, con carácter excepcional, unicamente para o casos en que a ocupación de espazos anexos non fora posible por cuestións de accesibilidade, incumprimento de distancias mínimas, ou outras circunstancias de carácter obxectivo suficientemente acreditadas na solicitude.

1.4 Para o caso en que a ocupación de dominio público implique a ocupación de espazos públicos próximos ao establecemento anexos a outros inmobles ou locais, esta será revocada sen dereito a indemnización cando se

Anuncio publicado en: Num BOP 133 año 2021 (14/06/2021 08:00:00)

comunique ao Concello, en relación aos mesmos, o inicio de actividades de hostalería e simultaneamente se solicite a ocupación deses mesmos espazos para a instalación de terraza.

**Artigo 2.- Licenzas**

A ocupación de terreos de dominio público suxeitarase á licenza administrativa.

**Artigo 3.- Singularidades**

Ademais do establecido no artigo 1.2, os emprazamentos deberán cumprir os seguintes requisitos:

Queda prohibida a ocupación de:

Entradas a galerías visibles

Bocas de rego

Hidrantes de incendio

Saídas de emerxencia

Paradas de transporte público regularmente establecidas

Aparatos de control de tráfico

Centros de transformación e arquetas de rexistro de servizo público

Pasos peonís sinalizados

Calzadas con circulación de vehículos

Non poderá colocarse ningún elemento que dificulte a manobra de entrada ou saída de vados permanentes de paso para vehículos.

En ningún caso se poderán colocar elementos fixos ou permanentes cuxa colocación ou desmontaxe requira dalgunha obra especial, agás as pérgolas, toldos, pantallas ou outros elementos de abrigo.

**Artigo 4.- Prohibicións e limitacións**

Queda absolutamente prohibida a instalación de billares, futbolíns, máquinas recreativas, de azar, expendedoras de bebidas e de calquera outro tipo análogo nas terrazas obxecto de regulación na presente ordenanza.

**Artigo 5. Actividades incluídas**

A licenza para instalar terrazas dará dereito a expender e consumir na mesma os mesmos produtos que poidan selo no interior do establecemento do cal dependan.

**Artigo 6.- Actividades excluídas**

A presente ordenanza non será de aplicación ós actos de ocupación da vía pública que, sendo de carácter hostaleiro, se realicen con ocasión de feiras, festexos, actividades deportivas ou análogas, que se suxeitarán ás súas normas específicas.

**Artigo 7.- Efectos**

7.1 Todas as licenzas outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros. O exercicio da actividade realizarase a risco e ventura dos interesados.

7.2 A licenza non poderá ser arrendada, subarrendada nin cedida, directa ou indirectamente, en todo ou en parte.

**Artigo 8.- Dereitos do autorizado**

O titular da licenza terá dereito a exercer as actividades nos termos previstos na propia licenza, con suxeición ás prescricións establecidas nesta ordenanza e demais preceptos legais aplicables.

**Artigo 9.- Excepcións**

Malia ó establecido no artigo anterior, cando xurdisen circunstancias imprevistas ou sobrevidas de urbanización ou de implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, ou por circunstancias sobrevidas debidamente acreditadas, que prexudiquen o interese público, o concello, poderá revocar ou suspender a licenza concedida sen dereito a indemnización a favor do interesado. Neste caso, devolveráselle a parte do prezo público que corresponda proporcionalmente ó tempo en que non poida manter instalada a terraza.

**Artigo 10.- Obrigas**

10.1 Serán por conta do titular da licenza a instalación dos elementos e a realización, á súa costa, das obras necesarias para a instalación de pérgolas, toldos, pantallas ou outros elementos de abrigo, para o cal deberá estar en posesión da correspondente licenza.

Anuncio publicado en: Num BOP 133 año 2021 (14/06/2021 08:00:00)

10.2 Será obriga dos titulares das terrazas manter as mesmas e ós elementos que as compoñen, nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. A tales efectos, estarán obrigados a dispor dos elementos de recollida e almacenamento dos residuos que puidesen lixar o espazo público.

10.3 Queda prohibido almacenar ou apilar xunto ás terrazas produtos, materiais e elementos móbiles (cadeiras, mesas, mostradores e cámaras etc.), así como residuos propios da instalación, tanto por razóns de estética e ornato, como por hixiene.

10.4 Será obrigatorio, para poder instalar terrazas anexas a establecementos ubicados en inmoble ou local, que o titular deste teña concertado un seguro de incendios do local e de responsabilidade civil por danos ós concorrentes e terceiros, derivados das condicións do local, así como do persoal que preste os seus servizos no mesmo, que inclúa, tanto ó local propiamente dito, como ós seus anexos, incluída a terraza.

**Artigo 11.- Horarios**

Os horarios de apertura da terraza estarán suxeitos ó da licenza de actividade que teña concedida o establecemento hostaleiro correspondente.

**Artigo 12.- Infraccións**

As infraccións das normas contidas nesta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

12.1 Son faltas leves:

Instalación da terraza sen autorización

O incumprimento da obriga de manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.

O deterioro leve dos elementos de mobiliario e ornamentais urbanos colindantes co establecemento, que se produza como consecuencia da actividade obxecto de licenza

A ocupación de maior superficie autorizada, en menos do 10%.

12.2 Son faltas graves:

Reiteración por dúas veces na comisión de faltas leves no prazo de 6 meses

A ocupación de maior superficie da autorizada en máis do 10%.

O deterioro grave dos elementos de mobiliario.

A colocación de envases e calquera outra clase de elementos, que non sexan mesas, cadeiras e elementos auxiliares dos mesmos, fóra do recinto do establecemento.

12.3 Son faltas moi graves:

A reiteración de tres faltas graves, no prazo de 6 meses.

A desobediencia ós lexítimos requirimentos dos inspectores e autoridades

A falta de aseo, hixiene e limpeza no persoal ou elementos do establecemento cando non constitúan falta leve ou grave

A venda de produtos alimenticios non autorizados

Instalar elementos de mobiliario non autorizados pola licenza

**Artigo 13.- Sancións**

13.1. As infraccións á Ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

As faltas leves sancionaranse con multa de 60 a 400 €

As faltas graves sancionaranse con multa entre 401 e 1000 €

As faltas moi graves sancionaranse con multa entre 1001 € e 2000 €, podendo incluso ser revocada a licenza.

13.2. Na imposición das sancións, deberse gardar a debida adecuación entre a gravidade da infracción contida e a sanción aplicada, debéndose seguir para a graduación da sanción a aplicar os seguintes criterios:

- A gravidade da infracción
- O prexuízo causado
- A reiteración
- As circunstancias dos responsables
- A reincidencia, pola comisión no termo de 6 meses de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme.

Anuncio publicado en: Num BOP 133 año 2021 (14/06/2021 08:00:00)

- A intencionalidade

**Artigo 14.- Capacidade para solicitar a licenza**

Poderán solicitar a licenza para este tipo de ocupacións, os titulares dos establecementos descritos no artigo 1.2 desta ordenanza, sempre que a actividade se desenvolva coa lexislación xeral e sectorial que regula a mesma.

A taxa que por este concepto deberá pagar o titular da licenza será a que a tales efectos se fixe na ordenanza fiscal correspondente.

As licencias terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licencia.

**Artigo 15.- Requisitos da solicitude**

As licenzas solicitaranse perante o Sr. Alcalde-Presidente do concello de Rábade. Acompañarase á solicitude a seguinte documentación:

· Licenza ou comunicación previa para a apertura do establecemento

· Póliza e recibo de pago do seguros de incendios do local e de responsabilidade civil

· Memoria descritiva dos elementos de mobiliario que se pretenden instalar na terraza

· Plano de situación a escala 1:1000, que especifique a área da terraza que se pretende instalar, con indicacións dos elementos de mobiliario e da separación, así como a súa clase, natureza, número, dimensións e colocación destes, onde figuren acoutadas as distancias respecto ó local propio, como con respecto a outros locais de hostalería que existan nun entorno de 20 metros de radio dende os puntos extremos da fachada do establecemento.

· No caso de instalación de pérgolas ou toldos que excedan das simples sombrillas, plano a escala 1:100 de alzado da instalación que se pretenda realizar, cos elementos reseñados.

· Autorización sectoriais que preceptivas (patrimonio, estradas, etc.)

· Plano de instalacións eléctricas, no seu caso, indicando e especificando as proteccións necesarias.

**Artigo 16.- Competencia para o outorgamento da licenza.**

Será competente para o outorgamento da licenza o Sr. Alcalde – Presidente ou concelleiro en quen delegue.

**Artigo 17.- Prazo de resolución**

O Concello de Rábade resolverá as solicitudes no prazo de un mes dende a entrada da solicitude no rexistro xeral.

**Artigo 18.- Vixencia das licenzas**

As licenzas outorgaranse por anos naturais, e deberán solicitarse con anterioridade a súa instalación.

**Artigo 19.- Limitacións de emprazamento**

19.1 A porción de dominio público susceptible de ocupación con terrazas non poderá exceder de 2/3 da superficie autorizable do mesmo. A devandita superficie será determinada en cada caso polo concello.

19.2 A ocupación de beirarrúa sempre deberá deixar libre un paso de peóns polo menos de un metro e oitenta centímetros medidos dende a liña de fachada, en cumprimento do previsto no artigo 5 da Orde do Ministerio de Vivenda 561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenrola o documento técnico de condiciones básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espacios públicos urbanizados. No caso de que as dimensións da beirarrúa non permita o cumprimento desta medida mínima, o interesado deberá habilitar como paso unha plataforma no arcén que, co mesmo nivel de cota que a beirarrúa, e igual lonxitude que a ocupada pola terraza, sen que en ningún lugar invada a calzada destinada ao tráfico de vehículos.

19.3 A porción de terreo susceptible de ocupación por terraza non poderá ser inferior a tres metros cadrados.

**Artigo 20.- Limitacións de emprazamento en bulevares e rúas peonís**

Permitirase a instalación de terrazas en bulevares e rúas peonís nas que existan establecementos ubicados en inmobles sempre que a zona peonil supere os tres metros de ancho. A franxa de zona peonil central ocupable non excederá do 60 % da súa anchura

**Artigo 21.- Limitación de emprazamento en prazas**

A superficie de ocupación non poderá exceder do 60% da superficie autorizable, e sempre suxeito á correspondente autorización municipal.

**Artigo 22.- Período de actividade**

As terrazas poderán instalarse durante todo o período para o cal teñan autorización, podendo abarcar o mesmo todo o ano.

Anuncio publicado en: Num BOP 133 año 2021 (14/06/2021 08:00:00)

**Artigo 23.- Limpeza diaria**

Os titulares de licenzas de terrazas teñen a obriga de retirar e agrupar ó remate de cada xornada os elementos de mobiliario instalados, así como a realizar os labores de limpeza do espazo público que ocupen as terrazas.

**Artigo 24- Remate do período de ocupación**

Rematado o período de instalación previsto nesta ordenanza para cada ano natural, o titular da terraza deberá deixar completamente expedita a porción de chan público que viñese ocupando, retirando tódolos elementos que o ocupan ó día seguinte do remate o período de ocupación.

En caso de incumprimento, serán retirados polo concello mediante execución subsidiaria a costa do titular.

Este feito poderá dar lugar á inhabilitación para sucesivas autorizacións.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Todas aquelas terrazas que no intre de entrada en vigor da presente Ordenanza tivesen autorización para tempadas anteriores, deberán adecuarse á vixente normativa na presente tempada.

Rábade, 8 de xuño de 2021.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1742

---

## O VALADOURO

*Anuncio*

**BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA COMPLEMENTARIA PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DO VALADOURO COMO TRABALLADOR/A SOCIAL, CON CARÁCTER PROVISIONAL OU TEMPORAL COMO PERSOAL LABORAL.**

**PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto da presente convocatoria é a selección dun (1) traballador/a social, ao 50% da xornada, para que preste os seus servizos no Concello de O Valadouro, para o reforzo dos servizos sociais en virtude da financiación do plan concertado de servizos sociais e vinculada a dita financiación, así como a creación dunha bolsa de complementaria para as posibles necesidades do servizo. A vixencia desta bolsa complementaria terá unha vixencia de 5 anos, se ben, mentras teña vixencia a bolsa inicial, existirá prioridade desta sobre a que ahora se convoca.

**SEGUNDA. NATUREZA DO CONTRATO.**

- Modalidade contractual: A modalidade de contrato de traballo temporal a media xornada.

- Funcións: As propias do posto ofertado.

- Retribucións: As retribucións que correspondan segundo o Convenio Correspondente.

**TERCEIRA. LEXISLACIÓN APLICABLE.**

Esta contratación laboral rexerase polo disposto:

- Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto Refundido do Estatuto dos Traballadores.

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aproba o texto refundido da Lei del Estatuto Básico del Empregado Público.

–Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas)

–Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

–Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto lexislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas).

–Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia.

–Real Decreto lexislativo 1/2008 de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei da función pública de Galicia

–Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

–Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.

- Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

Anuncio publicado en: Num BOP 133 año 2021 (14/06/2021 08:00:00)

–Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables.

-Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre Incompatibilidades do Persoal ao Servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes.

-Lei 53/1984, 26 de decembro, de Incompatibildades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

-Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas.

**CUARTA. FINANZAMENTO**.

A presente contratación está financiada pola subvención concedida en virtude de Resolución da Dirección Xeral de Inclusión Social da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, que incrementa a asignación concedida anualmente a este Concello, pasando de 1 traballadora social a 1,5. A contía das retribucións e cotas da Seguridade Social serán imputables ás partidas do orzamento corrente de gastos do Concello de O Valadouro.

**QUINTA. PUBLICIDADE.**

As presentes bases serán publicadas no boletín oficial da Provincia, na Sede electrónica do concello e no Taboleiro de Anuncios municipal.

**SEXTA. REQUISITOS DOS/AS INTERESADOS/AS PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO.**

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reunir os seguintes requisitos:

a)Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.

b)Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c)Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas minusválidas cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

e)Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

**Serán requisitos específicos:**

- **Certificado de Lingua Galega Nivel 4 (Celga 4) ou equivalente.** No suposto de carecer desta acreditación, a persoa aspirantes someterase obrigatoriamente á proba de coñecemento do idioma galego.
- **Estar en posesión dalgunha das titulacións esixibles, ou en condición de obtela na data de remate do prazo de presentación de instancias:**

Diplomatura universitaria en traballo social ou do título de grao en traballo social, aquelas outras que habiliten para o exercicio desta profesión regulada, segundo establecen a normativas estatal e comunitaria ou en condicións de obter o titulo na data en que remate o prazo de presentación de instancias, que deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión na mesma data do remate do prazo para presentar as instancias da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo Organismo competente.

- **Permiso de conducir clase B**

**SÉTIMA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.**

As instancias, dirixidas ao Sr. Alcalde, achegaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, 09:00-14:00, durante o prazo de cinco (5) días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación do anuncio do proceso selectivo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Tamén poderán remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Neste caso os solicitantes deberán comunicalo ou adiantar a solicitude enviada mediante fax, durante o mesmo prazo de

Anuncio publicado en: Num BOP 133 año 2021 (14/06/2021 08:00:00)

presentación de instancias. Se conforme a este precepto se presenta a instancia a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

**OITAVA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.**

Os/as aspirantes farán constar na instancia que reúnen tódolos requisitos sinalados na Base Sexta, e achegarán:

Fotocopia do D.N.I. e do permiso de conducir

Solicitude de participación (Anexo I)

Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso, xunto cos documentos acreditativos correspondentes, segundo o establecido na Base Novena, en orixinal ou fotocopia autorizada por fedatario público, pois non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento da presentación da instancia.

Fotocopia cotexada do certificado do título de diplomatura universitaria en traballo social ou do título de grao en traballo social.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia.

Rematado o prazo dos cinco días hábiles fixado para a presentación de solicitudes por Resolución de Alcaldía acordarase a aprobación da lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web: https://www.valadouro.org/.

